

4º Premio Meiga Moira

DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2010

Baía Edicións convoca o premio de creación literaria infantil-xuvenil, que se rexerá polas seguintes

BASES:

PRIMEIRA

Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega (de conformidade coas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* aprobadas pola RAG) de obras de creación literaria dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. As obras deberán ser inéditas e non premiadas.

Se no período de tempo transcorrido entre a presentación do orixinal e o ditame do xurado a obra obtén outro premio ou é publicada, a autoría vese obrigada a comunicalo á editorial e non poderá recibir este premio.

SEGUNDA

O orixinal, escrito en letra Times, corpo 12 e a dobre espazo, enviarase xunto con cinco copias debidamente encadernadas a:

BAÍA EDICIÓN

Polígono Pocomaco, 2ª Avda.

Parcela G-18, Nave Posterior. 15190 A Coruña.

O prazo de recepción de orixinais remata o 17 de Maio de 2010.

TERCEIRA

Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra e grupo de idade ao que vai dirixida (8 a 12 anos ou 12 a 16), indicando no mesmo: Premio Meiga Moira 2010.

CUARTA

O premio, que poderá quedar deserto, considerará un único galardón, ao que se lle asigna unha dotación económica de **2.500 euros**. A obra será publicada por Baía Edicións na súa colección *Meiga Moira*, renunciando a persoa gañadora aos dereitos de autoría da primeira edición, tanto en galego como noutras linguas de posibel publicación por parte da editorial. No caso de realizarse unha segunda edición, esta rexerá polo modelo de contrato de autoría propio de Baía Edicións.

A obra finalista será publicada segundo contrato de autoría establecido por Baía Edicións.

QUINTA

O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará, asume, como secretaria.

SEXTA

A resolución do xurado darase a coñecer o 1 de outubro de 2010.

SÉTIMA

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

OITAVA

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como as decisións do Xurado, que serán inapelábeis.

A Coruña, 7 de xaneiro de 2010
www.baiaeditions.net